

NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. EDICIÓN 06. 14 – 19 DECEMBRO 2021

NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA celebrarase na cidade de Pontevedra, Galicia (España), do **14 ao 19 de decembro do 2021**, e ten como principal obxectivo detectar e difundir o talento cinematográfico de cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral.

ADMISIÓN DOS FILMES A CONCURSO

O festival terá dúas seccións competitivas, ambas de ámbito internacional: **Sección Oficial** e **Latexos**, destinada a dar visibilidade a producións de factura más fráxil e íntima.

Sen distinción xenérica algunha (ficción, non ficción, animación, experimental, etc.), poderán inscribirse todas aquelas **longametraxes (≥ 60 minutos)** que supoñan a primeira ou segunda obra dos seus realizadores ou realizadoras.

Serán admitidos **traballos producidos, ou cuxa estrea mundial tivese lugar, despois do 1 de xaneiro de 2021**, sempre que non fosen estreados comercialmente en España, nin exhibidos en circuitos de televisión públicos ou privados no momento da súa inscrición a concurso*.

A exhibición presentará un formato híbrido. A modalidade presencial terá lugar nas sedes do festival. E a modalidad virtual implementarase mediante unha plataforma de cinema online.

O período de admisión de filmes estenderase dende o **26 de maio ata o 05 de setembro de 2021**.

INSCRICIÓN

1. As películas inscritas poderán ser incluídas en calquera das seccións deseñadas polo festival.

2. A inscrición é gratuíta e realizarase únicamente a través do cumprimento da [Ficha de Inscrición Online](#), na que se proporcionará un **enlace privado** do filme co seu correspondente contrasinal de visionado.

3. Para o seu visionado os filmes deberán estar **subtitulados en español ou inglés**, sempre que o idioma orixinal sexa outro que galego, español ou inglés.

4. A organización do festival informará, vía e-mail, ás persoas inscritas cujas obras foran seleccionadas.

* *Se o deseño da programación así o precisase, Novos Cinemas resérvase o dereito de establecer excepcións a estas normas.*

NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. EDICIÓN 06. 14 – 19 DECEMBRO 2021

XURADOS e PREMIOS

O festival NOVOS CINEMAS concederá cinco premios:

- I. Un Xurado Internacional outorgará o **Premio NOVOS CINEMAS** á mellor longametraxe da Sección Oficial, cunha dotación económica de 2.000€, para a compañía ou representante legal que inscribise o filme no certame.
2. Un xurado composto por un grupo de estudiantes universitarios, pertencentes ao Campus de Pontevedra (UVIGO) e seleccionados pola organización do festival, outorgará o **Premio XURADO NOVO** da Sección Oficial, cunha dotación económica de 500€ en forma de Bolsa para o director ou directora do filme premiado.
3. Un xurado composto por profesionais da crítica cinematográfica outorgará o **Premio da CRÍTICA** á mellor longametraxe da competición.
4. O **Premio LATEXOS**, concibido gracias á colaboración da Cooperativa NUMAX, DUPLEX Cinema, da Cooperativa Zumzeig, do Círculo de Bellas Artes e de CineCiutat, supón a exhibición comercial da película premiada en dita sección na sala NUMAX (Santiago de Compostela), en DUPLEX Cinema (Ferrol), no Círculo de Bellas Artes (Madrid), na sala Zumzeig (Barcelona) e en CineCiutat (Palma de Mallorca).
5. Mediante a participación e o concurso dos espectadores e espectadoras (media ponderada de votacións e asistentes), outorgarase o **Premio do PÚBLICO**.

A decisión dos xurados será inapelable.

ENVÍO DOS FILMES PARA A SÚA EXHIBICIÓN

No caso de que as súas obras fosen seleccionados para participar no festival, quen inscriba o filme deberá ter en conta que:

- I. Os gastos de envío e devolución das copias das longametraxes serán compartidos entre o festival e os representantes do filme seleccionado. NOVOS CINEMAS farase cargo preferentemente dos gastos de envío para a chegada da copia do filme ao festival; a devolución ou retorno dos filmes ao seu lugar de orixe ou calquera outro lugar correrá a cargo dos seus titulares e/ou representantes.
2. NOVOS CINEMAS aceptará os seguintes formatos de exhibición: DCP ou Arquivo Dixital (MP4 ou MOV, 1080p). Se así o considerase, a organización do festival aceptará formatos analóxicos (35mm., 16mm.), domésticos (Blu-ray) ou aqueles que poida considerar pertinentes.

**NOVOS CINEMAS. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra
BASES DE PARTICIPACIÓN. EDICIÓN 06. 14 – 19 DECEMBRO 2021**

3. Se a lingua orixinal do filme non é o inglés deberá conter subtítulos nesta lingua.
4. Co gallo de levar a cabo un óptimo proceso de promoción, NOVOS CINEMAS solicitará o envío do material necesario para a elaboración do catálogo do festival, así como diferentes labores de promoción das súas actividades (prensa escrita, web, redes sociais, etc.). Ao formalizar a inscrpción, quen inscribiu ou representante legalmente o filme comprométese á cesión dos dereitos de exhibición destes materiais promocionais a todos aqueles medios de comunicación audiovisual que o equipo de NOVOS CINEMAS considere pertinente.
5. As copias para exhibición e toda aquela documentación de difusión que os representantes consideren relevantes, deberán ser remitidos antes do dia **15 de novembro de 2020**.
6. No caso das películas galardoadas, NOVOS CINEMAS resérvase o dereito de realizar novos pases de ditas películas (ata un máximo de 2) con fins promocionais e sempre previa notificación aos representantes legais do filme.

ACEPTACIÓN DAS BASES e CESIÓN DE DEREITOS

A inscrpción no festival NOVOS CINEMAS implica a aceptación e cumprimento destes requisitos e supón que quen inscribe ou represente legalmente ao filme autoriza a NOVOS CINEMAS a exhibir publicamente o filme presentado a concurso.

Unha vez aceptada a invitación a participación no festival, o filme non poderá ser retirado da competición.

A organización de NOVOS CINEMAS resérvase o dereito de facer excepcións puntuais a estas bases por causa de forza maior.

Para calquera outra información: info@novoscinemas.com

**Se a situación sanitaria o esixise, o equipo do festival implementará todas aquelas accións que garantan as medidas promovidas polas autoridades sanitarias e as diferentes administracións; aínda que iso supuxese alterar o deseño e desenvolvemento do festival.*